



CONCELLO DE LOBIOS

MINUTA DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENARIO MUNICIPAL DO DÍA 30 DE MARZO DO 2007.

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente

D. Benito Vázquez Vázquez.

Concelleiros:

D. Enrique López Álvarez.
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estevez González
D. Juan Carlos Pérez Paz.
D. Francisco Veloso González
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira
D. José Álvarez Pereira
D. Xesús Deibe Fernández Simo

Secretario

D. Pablo Antonio Álvarez
Martínez.

No salón de Sesións da Casa do Concello de Lobios, sendo as 20,30 horas do día 30 de marzo do 2007, reúnense, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Extraordinaria do Plenario do Concello de Lobios, solicitado por tres dos catro Srs. Concelleiros do Grupo PSdeG PSOE, D. Francisco Veloso González, D. José Álvarez Pereira e D. Juan Manuel Ferreira Ferreira. Non asistiu D. Antonio Pérez González. Estando presentes 10 dos 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público.

ORDE DO DÍA

1. Informe do Concello de Lobios sobre as altas e baixas habidas no Padrón Municipal desde o 1 de xaneiro do ano 2002 ata a actualidade. Entrega inmediata dos Decretos da Alcaldía sobre as precitadas altas e baixas comprendidas na data sinalada.
2. Informe do Concello de Lobios sobre as altas e baixas habidas no Censo CER e CERA desde o 1 de xaneiro do ano 2002 ata a actualidade.
3. Elaboración dun Padrón Municipal axustado á legalidade vixente, con traslado inmediato do mesmo ó Instituto Nacional de Estatística.
4. Informe pola Secretaria - Interventora sobre a legalidade dos pagos efectuados polo Concello de Lobios, dos anos e exercicios comprendidos



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- desde 1.999 a 2.005, así como debe informarse igualmente sobre a legalidade da adxudicación de obras nos precitados exercicios.
5. Requirir á Xunta Electoral de Zona a fin de que o seu presidente asista á elección dos membros das mesas electorais que se constituirán para a celebración das eleccións municipais en maio do 2007.
 6. Informe do Voceiro Francisco Veloso González sobre a política municipal. Inxurias e calumnias.
 7. Ambulancia de Lobios e coche de incendios. Gardas médicas permanentes en Lobios.
 8. Piscina exterior en Baños de Riocaldo. Dereitos dos veciños na explotación da auga termal.

Previamente á consideración da Orde do Día o Sr. Alcalde da conta do seu decreto de data de onte, en virtude do que nesta Sesión actuará como Secretario habilitado para dar fe da mesma o funcionario de carreira, administrativo - informático, D. Pablo Antonio Álvarez Martínez, debido a que a Secretaria habilitada non pode asistir por ter que ausentarse para unha revisión médica.

Antes de iniciar a consideración dos asuntos que integran a orde do día, o Sr. Veloso pide a palabra, como Voceiro do Grupo Municipal proponente desta Sesión, para indicar que a documentación que consta no expediente desta Sesión resulta incompleta, tendo solicitado previamente que se procedera á exhibición e posta a disposición da documentación dos asuntos a tratar, resultando imprescindible que se xunte po expediente deste Pleno Extraordinario a seguinte documentación:

1. Padrón Municipal actualizado do Concello de Lobios.
2. Censos CER e CERA actuais, requirindo, se fose preciso á oficina de Estatística a remisión inmediata destes Censos.
3. Censo de Estranxeiros Residentes.
4. Relación de portugueses que solicitaron a súa intención de voto.

Téndose solicitado polos Srs. proponentes deste Plenario, no escrito de solicitude de convocatoria do mesmo a emisión de informe previo de Secretaría, en virtude do disposto no art.. 173 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde dispón que se proceda por parte do Sr. Secretario a dar lectura ó citado informe de Secretaría, emitido nos seguintes termos:

“ En relación co escrito que subscriben tres Srs.. Concelleiros do Grupo Municipal do PSOE solicitando a convocatoria dun Pleno Extraordinario ó abeiro do disposto no art.. 46 da Lei 7/85, de 2 de abril, e 48 do RDL 781/86, do 18 de abril, no que de xeito expreso solicitan a emisión de informe previo da secretaria en base do disposto no art.. 54.1.a) do citado RDL 781/86 e 173.1.a) do ROF, este secretaria, aínda partindo da base de que non se dá o suposto previsto nos citados artigos,



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

*posto que este informe somentes resulta preceptivo cando o solicite **un tercio** dos membros da Corporación, circunstancia que non se da neste caso, emíteo informe por pura vontade, facéndoo no seguinte sentido:*

Dado que tódolos asuntos incluídos na Orde do día proposto, agás os puntos 6º, 7º e 8º xa foron debatidos e votados nas Sesión celebradas polo Pleno deste Concello os días 2 de decembro do 2006 e 2 de febreiro do 2007, remítese ó xa informado sobre os cinco primeiros puntos nas indicadas Sesións.

Polo que se refire ós puntos 6º, 7º e 8º, por tratarse de informes nos que o propio Sr. Voceiro do Grupo Municipal proponente quere emitir, considerase que non ten nada que informar.

En Lobios a 21 de marzo do 2007.”

Logo destas incidencias o Sr. Alcalde dispón que se pasen a considerar os diversos asuntos que integran a Orde do Día.

1.- INFORME DO CONCELLO DE LOBIOS SOBRE AS ALTAS E BAIAS HABIDAS NO PADRÓN MUNICIPAL DESDE O 1 DE XANEIRO DO ANO 2002 ATA A ACTUALIDADE. ENTREGA INMEDIATA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA SOBRE AS PRECITADAS ALTAS E BAIAS COMPRENDIDAS NA DATA SINALADA.

Toma a palabra o Sr. Veloso para dicir que se requiriu por escrito a documentación a que se refire a súa proposta, que resulta ser unha obriga do Sr. Alcalde por tratarse de documentación necesaria para as vindeiras eleccións, preguntándose si se vai por esa documentación á súa disposición. O sr. Alcalde dispón que por parte do Sr. Secretario se proceda a dar lectura ó seguinte informe no que se recollen os trámites precisos para a elaboración e aprobación do Padrón Municipal de Habitantes, e que está concebido nos seguintes termos:

“1.- Informe do Concello de Lobios sobre as altas e baixas habidas no Padrón Municipal desde o 1 de Xaneiro do ano 2002 ata a actualidade. Entrega inmediata dos Decretos da Alcaldía sobre as precitadas altas e baixas comprendidas nas datas sinaladas.

Los Padrones municipales desde el día 1 de Enero del 2002 hasta la actualidad ya fueron consultados por el Sr. D. Francisco Veloso González en las oficinas municipales durante varios días.

Aclarar que para dar de alta un habitante en cualquier Ayuntamiento no es necesario hacer un DECRETO, ya que es un derecho de toda persona



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

empadronarse en cualquier Ayuntamiento de España, el procedimiento para dar de alta a una persona en el Ayuntamiento de Lobios es el siguiente:

- Que la persona haga una solicitud de alta, firmada por el interesado, adjuntando documento acreditativo (DNI, BILLETE DE IDENTIDAD, PASAPORTE)*
- Que el interesado de un domicilio donde se quiere empadronar, si la vivienda no es de su propiedad deberá presentar un contrato de alquiler o bien que el dueño de la casa firme la solicitud de alta*
- El interesado deberá firmar la hoja padronal donde está inscrito de alta para que quede constancia de su intención de darse de alta en el Padrón.*
- Se le da copia de la solicitud de alta al interesado con un número de registro en el libro de entradas del Ayuntamiento.*

Se pueden dar bajas por oficio o través de Resolución de la Alcaldía, después de haber consultado a la Delegada Provincial de Estadística, a aquellas personas que se sabe que no residen en este municipio, el procedimiento para dar de baja por oficio a una persona es el siguiente:

- Notificar al interesado dando un plazo más que suficiente, normalmente 30 días, para que pueda alegar que si reside en este Ayuntamiento.*
- Se publica en el BOP un EDICTO con una relación de personas que causarían baja en el Padrón Municipal otorgándosele a los interesados un plazo de 15 días para que procedieran a ratificar bien su baja o mantenimiento en el padrón municipal.*
- Pasados los 15 días se procedería la baja de todas aquellas personas que no alegasen lo contrario.*

Hacer constar que todos los Decretos o Resoluciones de la Alcaldía se dan cuenta en las distintas sesiones plenarias que se celebran, por lo tanto tiene constancia de dicho Decreto o Resolución de la Alcaldía donde se reflejan las bajas por oficio que se dieron a fecha 31 de Enero del 2007.”

Seguidamente o Sr. Veloso volta a pedir a súa intervención para dicir que dubidan da palabra do Sr. Alcalde facendo novamente mención a que non hai un secretario de carreira requirindo unha vez máis a entrega das resolucións do Sr. Alcalde respecto ás altas e baixas do Padrón desde o 1º de xaneiro do 2002 ata a actualidade, apercibindo ó Sr. Alcalde de un presunto delito de prevaricación e contra as garantías constitucionais. Respecto á situación do Padrón quer sinalar que o mesmo resulta de dubidosa legalidade por estar incluídas persoas que non reúnen as condicións legais para emitir o voto nas vindeiras eleccións, téndose que dar traslado desto a Estatística e ás autoridades a que houbera lugar.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Seguidamente toma a palabra o Sr. fernández Simo para dicir que sobre este punto ratifícase absolutamente no que xa manifestou na Sesión anterior no que se tratou o mesmo tema.

O Sr. Alcalde fai mención a que este punto xa foi tratado e debatido polo Pleno na Sesión celebrada o día 2 de febreiro do presente ano, e polo tanto non hai nada que votar, dispoñendo que pásese a considerar o punto seguinte da Orde do Día.

2.- INFORME DO CONCELLO DE LOBIOS SOBRE AS ALTAS E BAIAS HABIDAS NO PADRÓN MUNICIPAL DESDE O 1 DE XANEIRO DO AÑO 2002 ATA A ACTUALIDADE.

De orde do Sr. Alcalde , por secretaría, procédese a dar lectura ó seguinte informe:

“Aclarar que los censos de CER (censo electoral de españoles residentes) CERA (censo electoral de españoles ausentes), no constan en estas dependencias municipales ya que después de celebradas las elecciones se destruyen para poder cumplir con la Ley Orgánica de Protección de Datos 15/1999, de 13 de Diciembre.

El día 30 de Enero del 2007 se le entregó a D. FRANCISCO VELOSO GONZÁLEZ un informe numérico de CER y CERA desde el año 2002 hasta el 30/10/2006, datos consultados en la página web www.ine.es , apartado oficina del censo electoral; decir que la oficina del censo electoral remite un documento informativo del número de electores del CER del Ayuntamiento de Lobios, el último obtenido a 1 de Diciembre del 2006, con entrada en este Ayuntamiento el día 12 /01/2007, para su difusión el tablón de anuncios del Ayuntamiento.”

O Sr. Alcalde ratifica que estes Censos non obran en poder do Concello, replicando o Sr. Veloso que cada un deféndese como pode e a obriga do Sr. Alcalde é a de estar calado cando el fala, e que se se nota ofendido que vaia ó Xulgado. Continúa dicindo que está incumprindo a súa obriga por non por á Susa disposición a documentación solicitada, sendo esta a terceira vez que se convoca un pleno sobre este tema e o que se tiña que facer é falar coa Delegación de Estatística para que estes censos poidan ser examinados a fin de comprobar que non está incluída xente de fora, requirindo unha vez mais ó Sr. Alcalde co apercebimento de posible falsidade, prevaricación e garantías constitucionais por existir indicios suficientes de que o Censo vai a ser alterado.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. fernández Simo manifesta que Estatística xa remitiu ó Concello e ós partidos os Censos e que o CERA non debería de existir xa que inclúe xente que pode votar sen que saiba sequera onde está o concello de Lobios, acusando de utilización partidista este Censo electoral tanto por parte do Partido Popular como do Partido Socialista.

Insiste o Sr. Alcalde en que o cera aínda non chegou ó Concello e polo tanto non hai nada que dicir, remitíndose o tratado por este Pleno sobre este asunto na Sesión do día 2 de febreiro pasado; polo tanto non hai nada que votar.

En rolda de réplica o Sr. Veloso indica que unha vez máis acódesse á parafernalia do Sr. Alcalde que está ocultando a verdade: se o Concello elabora o Padrón, é o documento sobre o que Estatística elabora o Censo, polo que unha vez máis trasládase a confusión á opinión pública.

3.- ELABORACIÓN DUN PADRÓN MUNICIPAL AXUSTADO Á LEGALIDADE VIXENTE, CON TRASLADO INMEDIATO DO MESMO Ó INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA.

De orde do Sr. Alcalde , por secretaría, procédese a dar lectura ó seguinte informe:

“Para su información decir que cada mes el INE (Instituto Nacional de Estadística) remite a todos los Ayuntamientos de España un fichero denominado de INTERCAMBIO, este fichero lo reciben los Ayuntamientos a partir del día 27 de cada mes, el cual contiene variaciones, errores, defunciones y nacimientos que cada Ayuntamiento debe tratar y remitir antes del día 10 del mes siguiente, este fichero va a la Delegación Provincial de Estadística y después al Consejo de Empadronamiento en Madrid; este es el funcionamiento que existe entre los Ayuntamientos y el Instituto Nacional de Estadística para que el padrón se ajuste al máximo a la legalidad vigente.”

O Sr. Veloso insiste en que todo está orientado a tratar de que na carpeta do expediente deste Pleno este incluída toda a documentación; existen vivendas nas que están censados portugueses, polo que corresponde a elaboración do Padrón en forma legal, non constando no expediente o Padrón Municipal, que moi ben puido ser incrementado nas últimas datas, o que leva a pensar que se alterou para conseguir máis votos nas vindeiras eleccións.

O Sr. Fernández Simo manifesta que o Padrón xa está elaborado e se alguén ten dúbida da súa legalidade que se de conta a Estatística para que actúe e así subsanar as posibles diverxencias que se comproben.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Alcalde indica que xa se leu na anterior Sesión o escrito que remitiu Estatística no que manifestaba que non se apreciaban erros no Padrón Municipal, remitíndose os acordos que foron tomados por este Pleno nas Sesións celebradas o 2 de decembro do 2006 e o 2 de febreiro do 2007.

4.- INFORME POLA SECRETARIA - INTERVENTORA SOBRE A LEGALIDADE DOS PAGOS EFECTUADOS POLO CONCELLO DE LOBIOS DOS ANOS E EXERCICIOS COMPRENDIDOS DESDE 1999 ATA 2005, ASÍ COMO DEBE INFORMARSE IGUALMENTE SOBRE A LEGALIDADE DA ADXUDICACIÓN DE OBRAS NOS PRECITADOS EXERCICIOS.

O Sr. Alcalde remítese ós informes de secretaría que constan nas actas das Sesións celebradas por este Pleno os días 2 de decembro do 2006 e 2 de febreiro do 2007 onde está a resposta ó que o Sr. Veloso solicita.

Toma a palabra o Sr. Veloso comezando por manifestar o seu asombro de que dous meses antes das eleccións municipais se este celebrando este Sesión en bos termos de educación e respecto, o que non lle impide dicir que a Secretaria habilitada non está cualificada para emitir informes; as contas do Concello están impugnadas ante o Tribunal Contencioso – Administrativo e non lle parece correcto que a Srs.a Secretaria diga que non pode facer informes de anos nos que ele non era a responsable da Secretaría – Intervención. As Contas desde 1997 non poden ser aprobadas coa actuación dunha secretaria non capacitada, pois limitase a dicir que dous e dous son catro e no meu paso por este Concello quero que quede constancia da miña oposición a esta forma de rendición de contas, reiterando a entrega do informe solicitado que xa é a terceira vez que o pide.

Polo que respecta á adxudicación de obras estase nunha situación similar á de Marbella ou Gondomar, téndose que dar traslado de todo isto ás autoridades competentes pois os cartos do Concello foron destinados a intereses alleos a fin de favorecer a particulares en contra do interese xeral e da legalidade vixente téndose que dar traslado ó Consello de Contas e ás autoridades competentes.

O Sr. fernández Simo toma a palabra para dicir que no fondo está de acordo co Sr. Veloso, pois desde o ano 1997 ata o 2005 cometéronse claras irregularidades: non se aprobaban orzamentos nin contas.

O Consello de Contas a instancia do PSOE e do BNG, emitiu o informe que xa coñecemos, téndose feito unha laboura de enxeñería administrativa para poder aprobar as contas de eses anos. A presión dos Grupos da Oposición fan que actualmente estase a chegar a unha situación de normalidade no Concello, e mirando para tras non se logra nada. As consecuencias de todo isto veranse nas eleccións de maio próximo.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Alcalde indica que sobre este punto xa está todo dito tal como consta nas Actas das Sesións celebradas o 2 de decembro do 2006 e o 2 de febreiro do 2007.

Pese a que xa tomaron a palabra os voceiros dos tres Grupos Municipais procedería pasar ó seguinte punto, aínda que o Sr. Veloso indica que ten dereito a dúas intervencións, recordándolle ó Sr. Alcalde que no día en que chegou por primeira vez á alcaldía prometeu unha auditoría, que aínda non se fixo, o que indica que non ten capacidade, nin ética nin política, mentindo ó pobo de Lobios prometendo unha auditoría a cadea para o PSOE, e case é el que remata na cadea, polo que debería de presentar inmediatamente a súa dimisión.

5.- REQUIRIR Á XUNTA ELECTORAL DE ZONA A FIN DE QUE O SEU PRESIDENTE ASISTA Á ELECCIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS QUE SE CONSTITUIRÁN PARA A CELEBRACIÓN DAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS EN MAIO DO 2007.

A primeira intervención sobre este punto faina o Sr. Veloso para dicir que nas vindeiras eleccións o voto debe ser libre e que os compoñentes das mesas electorais tamén teñen que ser libres, entendendo que o sistema informático aplicado noutros procedementos electorais non lle pareceu correcto entendendo que ten que haber un sorteo e que debe requirirse á Xunta electoral de zona para que se desprace ó Concello e supervise este sorteo, interesando que este asunto sexa sometido a votación.

O Sr. Fernández Simo di que non ten nada que obxectar e que se inste á Xunta Electoral a que asista ó acto do sorteo, e respecto do mesmo fai referencia ó que xa se fixo nas últimas eleccións autonómicas.

O Sr. Alcalde remítese ó informe xa emitido na Sesión celebrada o día 2 de febreiro pasado, quedando demostrado que se fixo ante A Xunta Electoral o requirimento solicitado. O Acto do sorteo é un acto público e de tódolos xeitos farase saber o escrito que se remita proximamente ó Xulgado de Bande por si ten a ben presenciar e supervisar este sorteo.

Replica o Sr. Veloso que as palabras do Sr. Alcalde soan moi ben pero non quer someter este tema do requirimento proposto a votación.

Ante esta insistencia o Sr. Alcalde dispón que se proceda a votar n senso de requirir á Xunta Electoral de Zona a supervisión do sorteo que se fará para determinar a composición das mesas electorais, sendo votado favorablemente este acordo por unanimidade dos presentes, aínda que o Sr. Alcalde indica que no



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

nome do seu Grupo Municipal do PP quere facer constar que esto agora votado sempre se fixo en anteriores procesos electorais.

6.- INFORME DO VOCEIRO FRANCISCO VELOSO GONZÁLEZ SOBRE A POLÍTICA MUNICIPAL. INXURIAS E CALUMNIAS.

O Sr. Concelleiro propoñente, D. Francisco Veloso, quere facer constar que xente relacionada co Concello vai dicindo barbaridades sobre denuncias por obras ou multas a vehículos o que claramente indica un interese en danar a unha persoa, o que supón unha actuación tipo Sadam Hussein, denotando unha falta de ética. El nunca utilizaría esas argucias aproveitándose da debilidade dalgunha xente xa que el nunca denunciou a ninguén, polo que solicita do Sr. Secretario que proceda a dar lectura a unha carta que lle entrega, opoñéndose o Sr. Alcalde a esta petición de lectura desa carta, replicando o Sr. Veloso dicindo que o Secretario é da Corporación e non do Alcalde, quen a súa vez insiste en que o Secretario non vai facer esa lectura e que si quere o faga o propio Sr. Veloso, quen á súa vez replica que o Sr. Alcalde trata de acabar a lexislatura de forma educada, facendo entrega ó Sr. Secretario da carta para que conste en Acta e seguidamente el procede a lectura da mesma que de tódolos xeitos queda incorporada á documentación da Sesión.

7.- AMBULANCIA DE LOBIOS E COCHE DE INCENDIOS. GARDAS MÉDICAS PERMANENTES EN LOBIOS.

Empeza Sr. Veloso dicindo que presentou un escrito no Concello solicitando que a ambulancia actuara de forma ordenada, e que o posto da Cruz Roxa existente en Lobios débese á xestión do seu pai cando foi Alcalde. Continúa manifestando que resulta preocupante vivir en Lobios cando se está a unha hora da residencia sanitaria, tendo en conta ademais que o médico recentemente xubilado D. Ricardo sempre atendía a calquera hora a todo o mundo, circunstancia que agora non se da. Deberíase de dispor de un médico ou de unha ATS, dotándose á ambulancia de persoal cualificado, pois as gardas médicas están en Bande.

Polo que respecta ó vehículo de incendios hai que dicir que Lobios crece, os edificios son mais altos e o pobo está desprotexido no caso dun incendio, carecéndose de bocas de rego e o Concello debe de estar preparado para prevenir calquera catástrofe e o vehículo non está acondicionado para esa actuación.

Solicita que se vote a favor da proposta para que tanto a ambulancia como o vehículo de incendios este debidamente dotado de medios para os fins que se



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

perseguen e que entre a panadería Salgado e a ponte debería de dotarse polo menos dunha boca de rego; solicita que o Concello dispoña de gardas médicas permanentes, que hoxe están en Bande, polo que vivir en Lobios é un perigo; debería tamén solicitar de Sanidade a creación dunha garda permanente e deste xeito esta Corporación sempre sería ben recordada.

Seguidamente toma a palabra o Sr. fernández Simo para manifestar que en cuestións como as que expuxo o Sr. Veloso non se pode facer política, sendo preciso cambiar o chip de como hai que observar a política no medio rural, deixándose de localismos e facer forza como comarca, a Baixa Limia, pero non cada Concello pola súa conta e precisamente no día de hoxe, na xuntanza que houbo co Sr, Vicepresidente da Xunta, plantouse a primeira pedra para un gran futuro na comarca. Os puntos prantexados polo Sr. Veloso requiren levar unha actitude conxunta e se non é así imos “apañados”. Debe de existir entendemento entre todos deixando a política partidista para niveis máis altos.

Replica o Sr. Alcalde dicindo que xa se fixeron propostas tales como o instituto nas Conchas, o mesmo que o PAC. A ambulancia resulta que é un servizo do que dispón o concello sendo o único da Comarca que dispón do mesmo, e a súa vez quere matizar que non existe un posto da Cruz Vermella senón un posto de Protección Civil que está perfectamente atendido polo concello e non pola Cruz Vermella. No que se refire ó vehículo de incendios, o concello de Lobios é o único que dispón de unha motobomba propiedade do Concello e que xa fixo actuacións en Bande, Lobeira e en Ganceiros, polo que entende que o concello non está tan desasistido nesta materia. Respecto das gardas médicas, resulta ser un tema propio da consellería de Sanidade aínda que xa se lle propuxo manter as gardas aquí e que vaise seguir insistindo neste punto.

Retoma a palabra o Sr. Veloso solicitando que se vote a seguinte proposta de acordo: Dotación de un ATS para a ambulancia; instalación de bocas de rego e escaleiras no vehículo contra incendios; gardas médicas en Lobios tendo en conta a moita distancia a Bande polo que debe acondicionarse un edificio para que estas gardas se presten en Lobios.

Esta proposta é sometida a votación polo Sr. Alcalde, votando a favor da mesma os tres Srs.. Concelleiros propoñentes desta Sesión Plenaria, absténdose o Sr. Fernández Simo e votando en contra os seis concelleiros do Grupo do PP polo que queda rexeitado o acordo proposto. Á súa vez, o Sr. Concelleiro D. Enrique López Álvarez matiza que estaría disposto a votar favorablemente a proposta do Sr. Fernández Simo.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

8.- PISCINA EXTERIOR EN BAÑOS DE RIOCALDO. DEREITOS DOS VECIÑOS NA EXPLOTACIÓN DA AUGA TERMAL.

Comeza dicindo o Sr. Veloso que xa é tempo de que se deixe de enganar á xente cando o balneario foi regalado en beneficio da Fundación San Rosendo; cando se aprobou o Plan de Ordenación contempláronse 50 millóns de pesetas para esta Fundación. Á súa vez hai un decreto da Xunta feito á medida dos balnearios pois teñen dereito ó aproveitamento das augas termais os propietarios do terreno, e polo tanto a Fundación San Rosendo é a propietaria do terreno onde está situado o balneario. Este asunto está neste intre á consideración do Tribunal Constitucional e o Sr. Alcalde e o Grupo de Goberno arranxan unha piscina alí fora que bote un chorro de auga para salvar as aparencias debería de negociarse con San Rosendo para que a auga que tiran ó río pase á charca que están arranxando, sen licencia, e que polo menos quede para os veciños.

Replica o Sr. Alcalde dicindo que cumpriuse sempre coa legalidade vixente, como o demostra a sentenza do Tribunal Supremo que fallou en contra das pretensións do Sr. Veloso.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Fernández Simo para dicir que o que se fixo correspóndese coa realidade e que no fondo está conforme porque a instalación alí existente beneficia a Lobios, discrepando nas formas, estando mal estruturado por terse cedido a auga, o que prexudica os intereses colectivos dos veciños. O que habería que facer é negociar para que se abran unhas termas exteriores dignas, recordando que o Pleno aprobou unha moción presentada por el neste senso. O que se está a facer é para salvar a tempada do vindeiro verán téndose que partir de que o mercado turístico que utilizaría esta instalación é diferente do que habitualmente utiliza o balneario.

O Sr. Alcalde matiza que o terreo da piscina é da Confederación Hidrográfica e o que se intenta é habilitar unhas piscinas exteriores cubertas a uns prezos asequibles, existindo xa un proxecto que está a expensas das obras que está a facer a confederación no río.

Novamente replica o Sr. Veloso para dicir que se fixo demagogia: o proxecto do que fala o Sr. Alcalde é o da súa xubilación no Concello; o terreo é da confederación Hidrográfica debendo de sentir algo de vergoña e falar con sinceridade, pois está a mentor cando di que ten un proxecto cando o Concello non é quen para facer alí ningún proxecto xa que se regalou o terreo e o dono do balneario fará o que estime oportuno dentro da súa propiedade e o que ven a dicir o Sr. Alcalde respecto ó da charca similar á da Chavasqueira, a menos de dous meses das eleccións, é similar ó que dixo dous meses antes de ser Alcalde sobre a famosa auditoría.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Sen máis e sen a venia da Presidencia, levántanse da mesa os tres Srs. Concelleiros do PSOE abandonando o Salón de Sesións, sendo as dez e corenta e cinco, o que, en palabras do Sr. Alcalde, resulta ser unha mostra da súa educación.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a Sesión sendo as 22 horas e 46 minutos, de todo o que eu, o Secretario, certifico.